



Aclaracións aos pregos aprobados mediante Decreto número 15007147 do 09/09/2015 no expediente relativo á CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2015 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.

Téndose recibido dous escritos de posibles licitadores á contratación de referencia, onde se piden aclaracións a determinados aspectos recollidos nos pregos aprobados ou se suscitan outro tipo de dúbidas relativas aos mesmos, compre dar unha resposta concreta as preguntas formuladas e así mesmo unha resposta xenérica a outros temas que poidan suscitarse para tentar clarexar posibles dúbidas antes do remate do prazo de presentación de ofertas.

1.- En canto as respostas concretas as preguntas formuladas consta no expediente informe da Sección de Cultura do teor literal seguinte:

<< En contestación a providencia recibida do Servizo de Contratación relativa a solicitude de aclaracións realizada pola mercantil NALGURES PRODUCCIÓN, S.L., a funcionaria que subscribe informa o seguinte:

A).- EQUIPOS DE LUZ E SON

1.- *Qué equipamento de iluminación hai que subministrar aos artistas que non detallan a súa solicitude de iluminación no seu rider técnico.*

Un equipo de iluminación escénica básica.(Torres de iluminación, paneis de leds o focos)

2.- *Qué Equipamento de son hai que subministrar aos artistas que non detallan a súa solicitude de son no seu rider técnico.*

Un equipo de son básico co número de micros necesarios para cada compoñente.

B).- CATERING

1.- *En numerosos riders non hai solicitude algunha de catering ¿hai que orzamentar algún catering mínimo para estes artistas?. De ser así ¿con que produtos e unidades debería contar ese catering?*

O xesto de hospitalidade desexado polo Concello por parte do adxudicatario é o de ofrecer auga mineral.

C). CARPA DO PATIO DO SEMINARIO

1.- *Entendemos a preferencia pola poligonal, pero debido a que tería un custo maior que unha de dúas augas ¿hai que indicar dalgún xeito que tipo de carpa se vai a instalar?.*

Si porque servirá para comprobación da oferta.



CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/xmcr

Refº: Aclaracions prego produccion San Froilan 2015

Asunto:

2.- *¿Qué características debería ter a delimitación dos dous espazos que se solicita. Metros cuadrados de cada espazo, si é preciso que a delimitación sexa desde o chan ao teito, ou calquera outra característica que nos poda axudar a comprender a solicitude de delimitación.*

Non é necesario que chegue ao teito. Trátase dun aislamiento visual do público infantil mentres se fai a montaxe ou desmontaxe do seguinte ou anterior espectáculo.

D). ACTUACIÓN DÍA 10 NO PATIO DO SEMINARIO

¿é posible dispor dun plano para a instalación deste equipamento?. En calquera caso, e porque nos causa preocupación a potencia lumínica deste aparatos a esa presumible distancia. ¿Para este espectáculo hai técnico de iluminación facilitado polo artista que se faga responsable de manexar eses móbiles?.

A actuación do día 10 no Patio do edificio administrativo do Concello non se corresponde coas demandas a que se refire a alegación. En calquera caso, posibles incidencias deste tipo, respectando as esixencias de seguridade, deberán ser resoltas pola empresa adxudicataria cos artistas correspondentes.

E). TRABALLOS A REALIZAR NO LOTE 3, PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO (PATIO DO SEMINARIO).

¿Forman parte das condicións de produción incluídas no prego con carácter xenérico aos tres lotes, os traballos incluídos no lote 3 pero que non se realizan no patio do edificio administrativo do Concello (Patio do Seminario).

Figura no prego de prescricións técnicas que rexerán o concurso (na clausula primeira: obxecto), a distribución dos tres lotes cada cual coas actuacións correspondentes e especificamente recolle "ademais no lote 3 incluíranse os traballos e medios técnicos seguintes....."

NON HAI PREGUNTA 2.

3.- *¿Cales son as necesidades en horarios, de potencia do xenerador eléctrico e de medidas e características dos pasacables da orquestra o día 4 na Praza de Bretaña?*

A verbena -como figura nos horarios- iniciárase as 23,00 e rematará ás tres da mañá.

A potencia do xenerador: 80 cabeas.

A empresa que resulte adxudicataria facilitarásele un plano que determina o lugar donde deberá instalarse a orquestra.

4.- *¿Cales son as necesidades de conexión e desconexión do cadro eléctrico e de pasacables das orquestras na Praza maior nos días sinalados?*



Os horarios de inicio de todos os espectáculos figura no perfil do contratante.
As orquestras na Praza Maior situaranse unicamente parte esquerda -en diagonal- da Casa do Concello e mirando á Praza, como é habitual a mesa ubicarase na explanada da praza enfrente ó pasillo central da alameda.
O remate das mesas será ás tres da mañá.
Polo tanto as tarefas de conexión iniciaranse coas probas de son e as de desconexión ó remate da verbena.

5.- *¿Cales son as necesidades de conexión e desconexión de cadros eléctricos para a actuación do 9 de outubro na Praza da Soedade?*

O grupo Duendeneta non demanda ningunha necesidade técnica. Unicamente procede facilitarlle o subministro de enerxía eléctrica e ó remate a desconexión.

6.- *¿Cales son as necesidades de conexión e desconexión de cadros eléctricos para as actuacións dos días 4,5, 8 e 9 na Praza da Soedade e o día 9 de outubro en Campo Castelo?*

Na Praza da Soedade as actuacións son do grupo Duendeneta e creemos queda aclarada a dúbida coa resposta anterior.

O 9 de outubro en Campo Castelo: Tamén é unha actuación do grupo Duendeneta coa mesma demanda.

A/s empresa/s que resulte/n adxudicatarias entregaraselle/s planos de situación e ubicación dos cadros.

7.- *¿Qué características deben ter os equipos de son solicitados no Lote 3 Lote 3 patio do edificio administrativo do Concello (Patio do Seminario e que non están ubicados Patio do Seminario)?*

Despréndese que a pregunta é saber as características do equipo de son para o Patio do Seminario e para os outros que se desenvolven fora dese escenario.

Tal e como se indica no prego "para a correcta realización das ofertas deberán terse en conta os raiders técnicos, backline e catering de cada concerto que se xuntan como anexo a este prego".- Polo tanto a empresa deberá valorar os equipos que ofrezca.

8.- *¿Cantas tarimas e de que medidas son, as que hai que trasladar para o traballo de músicos no Camiño? ¿ O traslado e só de praza da Soedade a Praza Maior ou hai que trasladalas ao finalizar da Praza Maior á Praza da Soedade?*

Son 12 tarimas Rosco de propiedade municipal.- Si, é necesario trasladalas de novo á Praza da Soedade.

F). HORARIOS

1.- *¿Cal é a duración aproximada de cada un dos concertos dos distintos lotes que forman parte do prego?*

A duración é variada entre 80 e 150 minutos.

2.- *¿Cal é a duración máxima de probas técnicas en cada un dos concertos que forman parte do prego?*



CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/xmcr

Refº: Aclaracions prego produccion San Froilan 2015

Asunto:

A experiencia pon de manifesto que depende do grupo artístico e da correcta dispoñibilidade da empresa adxudicataria da produción.

G). PERSOAL.

¿É posible dispor do listado de unidades e xornadas de persoal así como as unidades dos equipos e material que conformaron o custo total do contrato?

O custo total do contrato esta estimado, entre outros, en base a experiencia dos anos anteriores, sen que se entenda conveniente facilitar máis detalles a este respecto.

H).- PLANS DE AUTOPROTECCION

¿Cal é o aforo previsto polo Concello de Lugo a os distintos recintos nos que o adxudicatario sería responsable da elaboración do "plan de autoprotección" segundo a normativa vixente? ¿ou en calquera caso sobre recintos dos incluídos nos distintos lotes é responsabilidade do adxudicatario a elaboración do plan de autoprotección?

De conformidade co disposto no RD 393/2007 (Norma Básica de Autoprotección) é esixible un Plan de autoprotección cuando a actividade sexa ó aire libre e o aforo sexa igual ou superior a 20.000 persoas.

E en instalacións cerradas ou desmontables ou de temporada cuando o aforo sexa superior a 2.500 persoas.

Consideramos que en ningún caso se superará os aforos sinalados.

I.- SEGURIDADE

1.- *¿Hai algunha necesidade de seguridade dos artistas ao marxe das publicadas nalgún rider técnico?*

De momento non hai ningunha manifestada.

2.- *¿Cales son as instrucións de seguridade do departamento de Cultura do Concello de Lugo?*

As instrucións de seguridade son as dictadas pola Xunta Local de Seguridade e das que se dará traslado a/s empresa/s adxudicatarias.

Así mesmo, compre indicar que, a marxe das posibles incidencias que poden xurdir na execución de calquer contrato, os pregos aprobados recollen tódolos factores que se estiman son necesarios para a concreta definición do servizo a prestar e, polo tanto, para a presentación das ofertas por parte dos licitadores, garantíndo así a liberdade de acceso as licitacións, a publicidade e a transparencia dos procedementos.>>.



2.- En relación a outros temas ou dúbidas que poidan suscitarse cómpre indicar o seguinte:

I - No prego de cláusulas administrativas particulares aprobado para a licitación, na súa cláusula segunda indícase que se trata dun contrato de servizos. Neste sentido é necesario indicar que se ben pode conter prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase, atendeuse para determinación das normas a observar na súa adxudicación, ao carácter da prestación que se estimou ten máis importancia dende o punto de vista económico, conforme se sinala no Real Decreto Lei 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

II - Características técnicas esixidas e posibles indeterminacións: como se mencionaba no apartado anterior, os pregos aprobados recollen tódolos factores que se estiman son necesarios para a concreta definición do servizo a prestar e, polo tanto, para a presentación das ofertas por parte dos licitadores. Neste sentido, hai que salientar que segundo se recolle no informe da sección de Cultura de data 23 de setembro de 2015:

“- Certificacións esixidas ou inadmisión de produtos según procedencia.- Trátase de raiders que, ademais de describir os elementos que solicitan, poden indicar, efectivamente, que non desexan marcas descoñecidas. Evidentemente trátase de remarcar que o equipo sexa homologado porque a procedencia inflúe pouco na calidade. En todo caso as empresas terán que facer a súa oferta axustándose ó prego, que expresamente indica “... *aceptando outros de análoga calidade aos indicados.*” e o Concello velará polo cumprimento da mesmas.

E, polo que respecta a contas de correo que puideran aparecer cómpre dicir que tamén nalgúns raiders figuran teléfonos porque entendemos que as empresas que vaian a participar poden intercambiar os contraraiders que estimen máis ventaxosos para ambas partes.

Así mesmo cómpre informar que para resolver calquera discrepancia estárase ó establecido no Prego Técnico ou no Administrativo si fora necesario.

- Vulneración do principio de transparencia. Indeterminacións.- Tódalas esixencias tanto técnicas, como materiais ou doutro tipo, que se entenden necesarias para a formulación das ofertas están recollidas nos riders, no prego técnico e no prego de cláusulas administrativas particulares, facéndose constar expresamente que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último. Pola experiencia adquirida en anos anteriores considero que todas estas cuestións plantexadas son menores e non poden incidir na valoración económica dos empresarios que se plantexen participar no concurso.”

III – Outros temas: simplemente reiterar o manifestado anteriormente en canto a que “... **a marxe das posibles incidencias que poden xurdir na execución de**



CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO
XMCR/xmcr
Refª: Aclaracions prego produccion San Froilan 2015
Asunto:

calquer contrato, os pregos aprobados recollen tódolos factores que se estiman son necesarios para a concreta definición do servizo a prestar e, polo tanto, para a presentación das ofertas por parte dos licitadores, garantíndo así a liberdade de acceso as licitacións, a publicidade e a transparencia dos procedementos.”.

Lugo, 23 de setembro de 2015.

O XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN

A XEFA DA SECCIÓN DE CULTURA

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



Asdo.: Matilde Garcia Losada.